



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 30 DE XUÑO DE 2006,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se asumen os medios económicos e as funcións e servizos transferidos pola Administración central do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia mediante os reais decretos 552/2006, do 5 de maio

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Decreto de subvencións para a rehabilitación e adaptación de edificios de vivendas de protección oficial de promoción pública

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración que se subscribirá entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello de Boiro para a urbanización do contorno e patio da escola infantil 0-3 dependente deste concello.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se fixa o módulo para a distribución do crédito que figura nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2006, destinado a subvencionar os gastos de funcionamento dos xulgados de paz

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura de convenios para a realización de obras de infraestrutura rural con diversos concellos



no marco do programa estratéxico de infraestruturas no medio rural (PEIM Rural-Arzúa-San Xoán de Río).

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a realización dun gasto por unha contía de catro millóns cento noventa e sete mil cincocentos corenta e seis euros con oitenta céntimos para a contratación de persoal para a prevención e extinción de incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia durante a campaña do ano 2006.
- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio de colaboración coa SEIASA del Norte. S.A. e a Comunidade de Regantes do Río Miño Pequeno (Lugo) para o establecemento das condicións técnicas e financeiras para participar na execución e explotación das obras de modernización e consolidación dos regadíos da Comarca de Terra Cha (Lugo).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a prórroga do contrato programa entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 para a coordinación e prestación de servizos de urgencias médicas 061, por importe de 15 millóns cento corenta e sete mil euros.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de cooperación para o cofinanciamento de programas de prevención e/ou incorporación social de drogodependencias entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e varios concellos, por importe total dun millón douscentos vinte mil trescentos noventa e seis euros.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Instituto de Salud Carlos III para o centro colaborador do Instituto Joanna Briggs, por importe total de trinta e dous mil euros.
- Acordo polo que se autoriza a cláusula adicional trixésimo primeira ao concerto de data do 29 de decembro de 2000 suscrito entre o Servizo Galego de Saúde (Sergas) e o *Hospital Povisa, S.A.* pola que se fixan as tarifas da actividade realizada polo *Hospital Povisa* aos hospitais do Sergas, e se establecen os obxectivos da calidade asistencial no período que vai do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2006, por importe de 62.224.503,41 euros.



CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico financeira da Xunta de Galicia co Concello da Capela, para a execución das obras “Mellora do abastecemento na bacía Galicia Costa. Abastecemento de auga á Capela. A Capela (A Coruña). Clave OH.215.707, por importe dun millón douscentos dezanove mil douscentos cincuenta e oito euros e trinta e oito céntimos (1.219.258,39).
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico financeira da Xunta de Galicia co Concello de Moraña para a execución das obras: “Actuacións de saneamento na bacía Galicia Costa. Colectores en Moraña (Pontevedra)”. Clave OH.336.677, por importe de douscentos cincuenta e cinco mil euros (255.000,00 euros).
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico financeira da Xunta de Galicia co Concello de Leiro, para a execución das obras: “pequenas obras de infraestrutura hidráulica. Mellora do abastecemento de auga e Bieite e Osebe. Leiro (Ourense)”, clave OH.232.540, por importe de cento vinte e sete mil catrocentos corenta e tres euros e trinta céntimos (127.433,30 euros).
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico financeira da Xunta de Galicia co Concello de Folgoso do Courel para a execución das obras: “actuacións de saneamento nas bacías intercomunitarias. Mellora das infraestruturas hidráulicas co Concello de Folgoso do Courel (Lugo)”, clave OH.327.473, por importe de douscentos oitenta e nove mil setecentos setenta e dous euros e trinta e tres céntimos.

CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo á sinatura dun convenio de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela e a Asociación de Cooperativas: Asociación Galega de Cooperativas Agrarias-Agaca; Unión de Cooperativas de Traballo asociado UGACOTA; e a Federación de Cooperativas –SINERXIA- para a formación de titores especializados en proxectos cooperativos.



MOCIÓNS OU PROPOSTAS

CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Declaración institucional con motivo da celebración, o 1 de xullo de 2006, do Día do Cooperativismo Galego

INFORMES

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Informe sobre o Plan Global de Seguridade Viaria de Galicia

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta sobre o recoñecemento das titulacións vixentes de formación profesional e o exercicio de profesións reguladas

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o Sistema de Compras Integradas do Sergas (Proxecto IntegraCom)
- Informe sobre o Plan de Saúde Bucodental
- Informe sobre o Acordo Básico pola Saúde na área sanitaria de Vigo



A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA ACHEGARÁ 482.000 EUROS PARA O FUNCIONAMENTO DOS XULGADOS DE PAZ

- *O Consello da Xunta aprobou un Decreto polo que se asumen as competencias traspasadas ao Instituto Social da Mariña por real decreto*

O Consello da Xunta adoptou hoxe o acordo polo que se fixa o módulo para a distribución do crédito que figura nos orzamentos xerais da Comunidade autónoma para 2006 destinado a subvencionar os gastos de funcionamento dos xulgados de paz. O crédito total ascende a algo máis de 482 mil euros con cargo á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

A contía destinada a subvencionar ás corporacións locais polos gastos de funcionamento dos xulgados de paz ascende a 482.530,11 euros, segundo establecen os orzamentos zerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2006. Esta cantidade modularase en función do número de habitantes de cada municipio. Deste xeito, establécense oito tramos para repartir equitativamente a subvención total correspondendo aos concellos con maior número de habitantes maiores achegas xa que os custos nos medios materiais destes son máis altos. O crédito, que se imputará á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, queda repartido da seguinte maneira:

- 1º tramo: concellos de 0 a 499 habitantes, correspóndelle 433,25 euros
- 2º tramo: concellos de 500 a 999 habitantes, 689,83 euros
- 3º tramo: concellos de 1.000 a 2.999 habitantes, 1.230,50 euros
- 4º tramo: concellos de 3.000 a 4.999 habitantes, 1.809,51 euros
- 5º tramo: concellos de 5.000 a 6.999 habitantes, 2.247,82 euros
- 6º tramo: concellos de 7.000 a 10.999 habitantes, 2.271,21 euros
- 7º tramo: concellos de 11.000 a 16.000 habitantes, 3.095,50 euros
- 8º tramo: concellos de máis de 16.000 habitantes, 4.104,84 euros

Decreto polo que se asumen competencias encomendadas ao ISM

Doutra banda, o Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que o Goberno galego deberá asumir as funcións e servizos traspasados pola Administración estatal en materia educativa, de emprego e formación profesional ocupacional encomendados ao Instituto Social da Mariña por real decreto. Deste xeito, a Vicepresidencia da Igualdade e Benestar exercerá as funcións correspondentes ás gardarías infantís e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria exercerá as funcións correspondentes en materia educativa. O Consello da Xunta ocupará as competencias e funcións que lle estaban atribuídas ao Consello de Ministros.



Igualmente este decreto establece que a Comunidade Autónoma, en concreto a Consellería de Traballo, asume os medios económicos destinados aos servizos que o Estado traspasou á Comunidade Autónoma en materia de xestión da formación ocupacional.



A CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO INCLÚE A INSTALACIÓN DE NOVAS TECNOLOXÍAS E O AFORRO ENERXÉTICO NAS AXUDAS PARA REHABILITACIÓN DE VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA

- *A Consellería achega 2,2 millóns de euros este ano a esta liña de axudas*
- *O Consello da Xunta aproba o decreto que recolle esta liña de axudas que substitúe á normativa do ano 2002*
- *Inclúe subvencións para a instalación de novas tecnoloxías, redución do consumo enerxético e illamento térmico e acústico de acordo coas esixencias do CTE*

O Consello da Xunta, a proposta da Consellería de Vivenda e Solo que dirixe Teresa Táboas, aprobou un decreto de subvencións para a rehabilitación e adaptación de edificios de vivendas de protección oficial de promoción pública, as que promove directamente a Consellería (VPP). O decreto inclúe axudas para a instalación de novas tecnoloxías e elementos que proporcionen o aforro enerxético, e vén a substituír á anterior normativa do ano 2002.

As subvencións van dirixidas a comunidades de propietarios de vivendas de promoción pública cunha antigüidade superior aos 10 anos. As actuacións que poderán ser subvencionadas inclúen a instalación de novas tecnoloxías e elementos que permitan unha redución do consumo enerxético e o illamento térmico e acústico da vivenda. O obxectivo é favorecer a adaptación deste tipo de axudas ás esixencias do Código Técnico da Edificación.

As subvencións tamén van dirixidas á mellora dos accesos do edificio, melloras para a protección fronte á choiva e a humidade, a renovación das redes xerais de auga, gas, electricidade, telefonía e saneamento, servizos xerais, seguridade fronte a accidentes e sinistros, supresión de barreiras arquitectónicas e instalación de calefacción. Ademais son obxecto de subvención as actuacións que supoñan unha mellora da seguridade estrutural do edificio, para garantir a súa estabilidade, resistencia e solidez.

A Consellería de Vivenda e Solo publicará unha convocatoria anual destas axudas na que se determinará o prazo de presentación de solicitudes, a contía da subvención en función das actuacións a realizar e o orzamento dispoñible. A concesión das axudas estará suxeita á puntuación asignada por unha Comisión de Valoración, así como á dispoñibilidade orzamentaria da convocatoria de cada ano. O orzamento protexible inclúe o custo real das obras, os honorarios facultativos e os impostos satisfeitos por razón das actuacións.

A Consellería de Vivenda e Solo dedica 2,2 millóns de euros durante este ano 2006 para esta liña de axudas.



A XUNTA FINANCIA A URBANIZACIÓN DO CONTORNO E O PATIO DA ESCOLA INFANTIL DO CONCELLO DE BOIRO

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio polo que a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar achega 190.839 euros para este fin*

O Goberno galego, na súa xuntanza desta mañá, autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello de Boiro para a urbanización do contorno e do patio da escola infantil de titularidade municipal.

Para o financiamento desta actuación, a Xunta de Galicia achegará a cantidade de 190.839 euros, cos que se pretende mellorar a asistencia e a calidade dos servizos que se prestan aos nenos e nenas de cero a tres anos que asisten a estas instalacións.

Ao abeiro do acordo que será asinado proximamente, o concello estará obrigado a prestar neste centro un servizo con horario amplo, durante un mínimo de 10 horas diarias ininterrompidas, cinco días á semana e 11 meses ao ano. Ademais, o concello comprométese a dar preferencia na admisión a aqueles nenos nos que concorran circunstancias socioeconómicas ou familiares desfavorables.



A XUNTA DESTINA PRETO DE 4,2 MILLÓNS DE EUROS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL DO PLAN INFOGA 2006

- *O número de contratados para participar nas tarefas de extinción e prevención de lumes ascende a 675 persoas*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural a realizar un gasto de 4.197.456 euros para a contratación de persoal temporal para o servizo de prevención e extinción de incendios forestais durante a campaña do ano 2006. O obxectivo deste acordo é reforzar o persoal da Consellería en materia de loita contra incendios e acadar o número de efectivos necesarios para cumprir os obxectivos marcados para campaña dos tres meses de verán.

No acordo establécese a contratación dun total de 675 persoas correspondentes a sete categorías profesionais das que habitualmente participan na extinción de lumes; técnicos superiores de apoio, técnicos de apoio, xefes de cuadrilla, condutor de motobomba, peón condutor, peón e oficiais de segunda-mecánicos. A contratación deste persoal será realizada a partir da publicación das listas definitivas das diferentes categorías elaboradas tras a convocatoria pública que fora realizada pola Xunta o pasado mes de maio. O Plan INFOGA tamén prevé a contratación dos efectivos correspondentes ás categorías de emisorista, vixilante fixo, vixilante móbil e xefe de vixilante móbil, o que suporá a incorporación de 394 persoas para desempeñar estas labores.

O Plan de Loita Contra os Incendios Forestais, Plan INFOGA, é elaborado anualmente pola Subdirección Xeral de Defensa contra os Incendios Forestais para recoller todas as instrucións de actuación na loita contra os lumes e define os obxectivos que deben acadarse ao final do ano. Recolle, ademais, os medios humanos e materias, a súa distribución territorial e o procedemento operativo en función do risco de lumes segundo épocas de perigo e zonas xeográficas. Os obxectivos que se destacan son os de reducir as superficies queimadas por lume, a defensa das masas arboradas, a defensa dos espazos protexidos e o de evitar reproducións de lumes, co fin de minimizar os danos económicos, sociais e ambientais que provocan este tipo de sinistros.



MEDIO RURAL INCREMENTA O ORZAMENTO DAS OBRAS DE MODERNIZACIÓN E DE CONSOLIDACIÓN DOS REGADÍOS DA LAGOA DE ANTELA

O Consello da Xunta autorizou a Consellería do Medio Rural a introducir unha addenda nun convenio con Seiasa mediante a que se modifica a previsión inicial do esquema financeiro das obras da Comunidade de Regantes da Lagoa de Antela, que disporá dun orzamento de 821.371 euros, cun axuste das anualidades e do seu importe total. Esta actuación permitirá establecer as condicións técnicas e financeiras necesarias para participar na execución e na explotación das obras de modernización e de consolidación dos regadíos da Lagoa de Antela, na Limia.

A modificación do convenio está motivada pola ampliación dos orzamentos estimados do proxecto, que aínda non estaba redactado cando se asinou o convenio orixinal en 2003, polo que agora se inclúen os custos reais definitivos.

No convenio orixinal figuraban os importes de 10.000 euros en 2003, 191.850 en 2004 e 519.750 en 2005; que quedan modificados por 5.949 euros en 2004, 16.856 en 2005 e 798.565 en 2006. Isto supón unha achega do 22% por parte da Xunta fronte os 3.733.508 euros do orzamento total da actuación.



MEDIO RURAL ASINA 7 CONVENIOS MÁIS PARA A CONTRATACIÓN DE OBRAS DO PROGRAMA ESTRATÉXICO DE INFRAESTRUTURAS

A Consellería do Medio Rural asinará novos convenios para a realización de obras de infraestruturas rurais no marco do Programa Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural, cun orzamento previsto nesta décimo segunda quenda de 929.690 euros distribuídos en dúas anualidades.

Nesta fase, destinaranse 929.690 euros para as obras que se executarán, previa sinatura dos convenios, nos concellos de Arzúa, Corcubión, Coristanco, Fisterra, Celanova, Ribadavia e San Xoán de Río.

Estes 7 concellos correspondentes á décimo segunda quenda súmanse aos 187 incluídos nos anteriores consellos da Xunta. Nas vindeiras semanas proseguirase co proceso de contratación de obras nos restantes municipios galegos, ata completar os 40 millóns de euros previstos no PEIM correspondentes ás anualidades 2006-2007.

A Consellería do Medio Rural, co obxecto de racionalizar os investimentos en obras de infraestruturas no medio rural, elaborou as directrices para un plan de investimentos que se realizarán en distintos concellos de Galicia denominado Programa Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural (PEIM), que se desenvolverá de acordo cuns criterios básicos entre os que se sinalan proxectos que teñan que ver coa dinamización da base produtiva, co obxectivo de dignificar e de mellorar a calidade de vida da poboación que reside nestas zonas e de contribuír a fixar poboación.

Consideraranse tamén proxectos de obras de infraestruturas de servizos básicos elementais, como abastecementos de auga domiciliaria, saneamentos, camiños agrícolas e pistas rurais, así como aqueles proxectos singulares que, pola súa natureza, entren nas competencias da Consellería do Medio Rural.

A estrutura formal do convenio contén os títulos de competencias que xustifican a actuación, mecanismos de coordinación entre as partes, réxime de financiamento, e mecanismo de seguimento da execución do convenio.



MÁIS DUN CENTO DE CONCELLOS GALEGOS RECIBIRÁN 1,2 MILLÓNS DE EUROS PARA SUBVENCIONAR PROGRAMAS DE PREVENCIÓN E INCORPORACIÓN SOCIAL DE DROGODEPENDENTES

- ***A Sanidade pública galega destina este ano un 13 por cento máis que en 2005***
- ***O Consello da Xunta autorizou a sinatura de 38 convenios entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e mancomunidades e concellos das catro provincias galegas***

A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde asinarán 38 convenios de cofinanciamento coa administración local para o desenvolvemento de programas de prevención e incorporación social de drogodependentes, por un importe de 1.220.396 euros, o que supón un investimento un 13 por cento superior ao do ano anterior. O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun total de 38 convenios que benefician a máis dun cento de concellos das catro provincias galegas.

Así, Sanidade asinará convenios cos concellos e mancomunidades do Barco, Betanzos (agrupación de 6 concellos), Boqueixón (agrupación de 3 concellos), Burela (agrupación de 9 concellos), Cangas, Mancomunidade de concellos do Carballiño (9 concellos), Carballo, Catoira (agrupación Baixo Ulla-Sar, 6 concellos), Mancomunidade Terra de Celanova (8 concellos), Mancomunidade de Municipios de Ordes (7 concellos), A Coruña, Culleredo, A Estrada, Fene, Ferrol, O Grove, Lugo, Marín, Monforte de Lemos, Noia (agrupación de 6 concellos), Ourense, Ponteareas, (agrupación de 2 concellos), Pontedeume, Pontevedra, O Porriño, Redondela, Rianxo (agrupación de 2 concellos), Ribadeo (agrupación de 4 concellos), Ribeira, Santiago de Compostela, Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo (Concello de Sanxenxo), Sarria (agrupación de 7 concellos), Tui, Mancomunidade de Val Miñor (agrupación de 2 concellos), Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín (7 concellos), Vigo, Vilagarcía (agrupación de 7 concellos) e Vilalba.

A Secretaría Xeral do Sergas, a través da subdirección xeral de Saúde Mental e Drogodependencias, é o órgano que se ocupa da planificación e xestión dos programas do Plan de Galicia sobre Drogas. É, tamén, o órgano encargado de asesorar, coordinar e supervisar as directrices e accións que se desenvolvan no ámbito da Comunidade Autónoma considerando a planificación de obxectivos, prioridades e estratexia de actuación.

O novo Plan de Galicia sobre Drogas 2006-2009 recolle como unha das áreas prioritarias de intervención a prevención do consumo de drogas. Para iso están previstas actividades preventivas nos ámbitos da información-sensibilización, educativo, familiar, xuvenil, laboral e comunitario, ademais de actividades de



formación ocupacional e preformación e capacitación laboral tendentes á incorporación social de drogodependentes.

Gran parte destas actuacións realízanse a través de convenios de cooperación con concellos para o cofinanciamento de programas de prevención e/ou incorporación social de drogodependentes.



A XUNTA DE GALICIA COLABORARÁ CO INSTITUTO JOANNA BRIGGS DE CANADÁ PARA A INVESTIGACIÓN EN ENFERMARÍA

- *A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde achegarán 32.000 euros repartidos en catro anualidades*
- *A colaboración permitirá ao persoal da sanidade pública galega participar en cursos de práctica clínica baseada na evidencia, e incidir na promoción e desenvolvemento da investigación en enfermaría*

A Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Instituto de Salud Carlos III cooperarán para regular o funcionamento do centro colaborador español do Instituto Joanna Briggs. Así se desprende convenio aprobado hoxe no Consello da Xunta de Galicia entre as catro partes. A Xunta de Galicia achegará un total de 32.000 euros repartidos en catro anualidades.

O Instituto Joanna Briggs, de Canadá é un dos máis prestixiosos no ámbito internacional na investigación en enfermaría. A nivel estatal colabora co Instituto de Salud Carlos III que considerou necesario contar coa colaboración das Comunidades Autónomas para actuar como centro colaborador do Joanna Briggs.

Subscribirán este acordo, ademais de Galicia, as comunidades de Cataluña e Aragón, que asinarán un convenio marco co Instituto de Saúde Carlos III dependente do Ministerio de Sanidade para o establecemento do devandito centro colaborador.

As vantaxes para a investigación en enfermaría no noso país, ao vincularse ao Instituto Joanna Briggs como centro colaborador son, entre outras, identificar aquelas áreas nas que a enfermaría teña necesidade de aplicar a práctica clínica baseada na evidencia; facilitar revisións sistemáticas de investigadores internacionais e participar nelas tras recibir formación específica; e o acceso aos recursos e publicacións deste instituto.

A colaboración de Galicia permitirá tamén deseñar, promover e impartir cursos na práctica clínica baseada na evidencia a persoal de enfermaría con labores asistenciais, investigadores, xestores e docentes e manter o liderado dentro da estratexia posta en marcha polo Instituto de Salud Carlos III para a promoción e desenvolvemento da investigación en enfermaría, no ámbito nacional e internacional.



O SERGAS DESTINA 62,2 MILLÓNS DE EUROS AO FINANCIAMENTO DA ACTIVIDADE ASISTENCIAL QUE POVISA REALIZA PARA SANIDADE PÚBLICA DA ÁREA DE VIGO E ESTABLECE OS OBXECTIVOS DE CALIDADE

- *O Sergas aboará unha cantidade adicional se o centro concertado cumpre os obxectivos establecidos en relación cos ratios de entrada e saída de pacientes en lista de espera e na demora na atención de consultas preferentes*
- *Povisa deberá establecer un programa de mellora do proceso asistencial*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do concerto anual entre o Servizo Galego de Saúde e a Policlínica Viguesa SA, Povisa, para este ano 2006. O texto aprobado fixa as tarifas da actividade asistencial que o centro fai para o Servizo Galego de Saúde; fixa as tarifas da actividade de Povisa e establece os obxectivos de calidade asistencial para todo o ano 2006.

Segundo o acordo aprobado hoxe polo Consello da Xunta de Galicia, o importe máximo do concerto con cargo á actividade ordinaria do centro vigués para o ano 2006 é de 62.224.503,41 euros.

Así mesmo, o texto prevé que Povisa debe establecer un programa de mellora do proceso asistencial cos obxectivos específicos que plasmará nun plan de calidade anual do centro.

O centro concertado vigués remitirá ao Servizo Galego de Saúde a información que acredite a implantación efectiva dos programas de garantía de calidade e os datos de actividade para seguimento do concerto.

Así mesmo, e segundo o aprobado hoxe no Consello da Xunta, o Servizo Galego de Saúde reserva unha cantidade adicional que aboará a Povisa no caso de que este centro cumpra uns criterios previamente establecidos polo departamento que dirixe María José Rubio Vidal en relación cos ratios de entrada e saída de pacientes en lista de espera cirúrxica e na demora na atención de consultas preferentes.



O 061 RECIBIRÁ 15.147.000 EUROS PARA A COORDINACIÓN E PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE URXENCIAS MÉDICAS

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a prórroga do contrato programa entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061, para a coordinación e prestación de servizos de urxencias médicas, por un importe de 15.147.000 euros.

Trátase dunha prórroga ao contrato programa asinado o pasado mes de febreiro e que tiña vixencia ata hoxe mesmo. Coa presente prórroga amplíase a cobertura dende o 1 de xullo ata o 31 de decembro de 2006.

A Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061 ten por obxecto a realización de actividades de xestión, coordinación, consultoría, asistencia e transporte de pacientes, docencia e investigación, prioritariamente, en materia de atención extrahospitalaria no caso de emerxencia e urxencia sanitaria; no campo dos cuidados críticos e na atención sociosanitaria; promovendo a eficacia, eficiencia e seguridade do sistema sanitario. Para elo, xestiona a central de coordinación de urxencias sanitarias.

A vinculación entre Urxencias Sanitarias de Galicia 061, o Servizo Galego de Saúde e a Consellería de Sanidade formalízase mediante contratos programa que permiten vincular o funcionamento da Fundación cos criterios de planificación do Servizo Galego de Saúde e coas necesidades dos usuarios. Nos contratos programa establécense os plans de obxectivos de actividade e os recursos económicos para o seu financiamento.



MEDIO AMBIENTE DESTINA 255.000 EUROS A OBRAS DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN MORAÑA

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible dedicará un total de 255.000 euros en realizar obras de saneamento e depuración de augas residuais na localidade pontevedresa de Moraña. Esta actuación, que foi aprobada hoxe polo Consello da Xunta, será financiada integramente por este departamento autonómico, a través dos organismos Augas de Galicia e a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh), tras comprobarse que o Concello de Moraña non dispón de orzamentos suficientes para asumir o custe que supón.

O proxecto consiste en realizar obras da rede de saneamento da parte inferior das Pontellas, en recoller a vertedura de Casiñas e O Souto e en bombear ata a rede xeral que transcorre polo polígono industrial da localidade. Para iso, canalizarase a rede de saneamento, crearase un pozo de bombeo no que se recollerán as verteduras e instalarase unha tubaxe de impulsión ata o pozo existente á entrada do polígono industrial.



A XUNTA APROBA O PROXECTO PARA DOTAR DE SERVIZO DE ABASTECIMENTO AO CONCELLO DA CAPELA (A CORUÑA)

- *A obra conta cun orzamento de 1,3 millóns de euros, dos que o 90% serán financiados pola Empresa Pública de Augas e o 10% restante pola entidade local*
- *O proxecto recolle a construción dunha rede de distribución e unha estación de tratamento de auga potable (Etap).*

O Concello coruñés da Capela será obxecto dunha importante mellora nas súas infraestruturas hidráulicas, logo de que o Consello da Xunta aprobase hoxe un proxecto para a construción dunha rede de abastecemento e unha estación de tratamento de auga potable (ETAP) que darán servizo aos veciños deste concello da comarca do Eume. A obra ten un orzamento de 1.354.731 euros, cantidade que será financiada nun 90% pola Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh) e o 10% restante pola entidade local, con cargo aos orzamento deste ano e do vindeiro.

O proxecto aprobado pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible permitirá emendar as carencias de subministracións que ten o Concello da Capela e tamén deixará a rede proxectada coas súas derivacións correspondentes para as poboacións de Soaserra, Santa Cruz e Regoela (Concello de Cabanas) e a parte alta de Sillobre e o núcleo de Magalofes (Fene).

No Concello da Capela, a empresa pública de augas construírá, nunha primeira fase, unha rede de distribución principal e, nunha segunda, os colectores secundarios, que discorrerá ao longo de todo o municipio. A captación da subministración farase no río Beelle e conducirase ata a planta de tratamento de augas. As instalacións da ETAP sitúanse nunha edificación de 188 metros cadrados e nelas levarase a cabo un proceso físico-químico, seguido de decantación, filtración e desinfección.



MEDIO AMBIENTE INVISTE 349.000 EUROS NA MELLORA DO ABASTECIMENTO NOS CONCELLOS DE LEIRO E BEARIZ (OURENSE)

- *A empresa pública de servizos hidráulicos dotará de canalizacións de subministración de auga aos veciños de Bieite e Osebe, en Leiro, e a varios núcleos de Beariz*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible acometerá nos vindeiros meses dúas importantes obras de mellora do abastecemento nos concellos de Leiro e Beariz, nas comarcas do Ribeiro e O Carballiño, respectivamente. Os proxectos, aprobados hoxe polo consello da Xunta, suporán un investimento de 348.943 euros por parte da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh).

Beariz

O concello de Beariz será obxecto dunha actuación de mellora do abastecemento e do saneamento, así como a realización dunha captación e un novo depósito regulador no núcleo urbano, mentres que se proxectan depósitos reguladores nos lugares de Muradás, Doade e Lebozán. A obra conta cun prazo de execución de catro meses e cun orzamento de 221.500 euros.

Leiro

A outra actuación aprobada hoxe no consello da Xunta permitirá dotar de servizo de abastecemento aos núcleos de Bieite e Osebe, pertencentes ao Concello de Leiro. Ambos os lugares reciben actualmente a subministración das augas captadas en diversos mananciais existentes na zona. A actuación proxectada permitirá tanto mellorar a calidade da subministración como a conexión das zonas que carecen de canalizacións de saneamento, no caso de Bieite, e a dotación ao núcleo de Osebe dunha rede municipal de abastecemento.

O orzamento da obra ascende a 127.433 euros, que serán achegados integramente pola Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos. O prazo de execución dos traballos é de catro meses.



TRABALLO DEDICA 43.000 EUROS Á FORMACIÓN DE TITORES ESPECIALIZADOS NO ASESORAMENTO DE PROXECTOS COOPERATIVOS

- *Así se establece no convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo, a Universidade de Santiago e as asociacións de cooperativas AGACA, UGACOTA E SINERXIA*
- *A finalidade é avanzar na creación dun sistema titorial de asesoramento e acompañamento de proxectos cooperativos desde as etapas iniciais e baixo o prisma cooperativo, co fin de que se conformen como proxectos con vocación de permanencia*
- *Os destinatarios desta iniciativa, que serán escollidos pola USC, son os licenciados e diplomados en titulacións que garden relación coas materias de xestión cooperativa, polo que na selección terase en conta que os aspirantes acrediten formación en materia de cooperativismo*

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión desta mañá, autorizou a sinatura dun convenio de colaboración da Consellería de Traballo coa Universidade de Santiago de Compostela e as asociacións de cooperativas: Asociación Galega de Cooperativas Agrarias-AGACA, Unión de Cooperativas de Traballo Asociado-UGACOTA, e Federación de Cooperativas SINERXIA, para a formación de titores especializados no asesoramento de proxectos cooperativos, para o cal a Consellería de Traballo destina un orzamento total de 43.000 euros.

Este convenio responde á aposta feita pola Consellería de Traballo polo emprego de calidade, no que desenvolve un papel fundamental o emprego cooperativo. A necesidade de que os proxectos cooperativos, tanto os existentes como os de nova creación se conformen como programa con vocación de permanencia, require entre outras cousas, a existencia dun grupo titorial que acompañe os citados proxectos desde o seu nacemento.

A finalidade desta iniciativa é potenciar a especialización de técnicos en cooperativismo e facilitar o intercambio de oferta e demanda de profesionais e servizos. Todo isto tendo en conta que os coñecementos necesarios para desenvolver o labor de titoría non se acadan globalmente no sistema educativo, senón que deben ser adquiridos a través dun proceso formativo, no que prime a vertente práctica e no que o titor tome contacto coa realidade cooperativa desde o primeiro inicio da súa formación.

Tal e como se recolle no documento estes titores resultan un elemento clave para a posta en marcha dunha rede de promoción cooperativa como elementos complementarios necesarios. A efectiva realización de gran parte das medidas



concretas que se pretenden desenvolver para a promoción do cooperativismo, requiren de axentes capaces de incidir nos seus destinatarios.

Todas as partes asinantes consideran esencial a colaboración entre estas institucións para avanzar na creación dun sistema tutorial de asesoramento e acompañamento de proxectos cooperativos, desde as etapas iniciais e baixo o prisma cooperativo. É dicir, cómpre potenciar o desenvolvemento dunha bolsa de técnicos en cooperativismo e facilitar o intercambio de oferta e demanda de profesionais e servizos.

O programa de formación estará dirixido pola USC, baixo a coordinación do Consello Galego de Cooperativas e coa participación da Consellería de Traballo e representantes da asociacións de cooperativas asinantes.

A USC será a encargada de seleccionar tres bolseiros entre licenciados e diplomados en titulacións que garden relación coas materias de xestión cooperativa e, valorarse entre os aspirantes, a formación que poidan acreditar en materia de cooperativismo.



O PLAN GALEGO DE SEGURIDADE VIARIA INTEGRARÁ E COORDINARÁ AS ACTUACIÓNS E INICIATIVAS DE TODAS AS INSTITUCIÓNS E ORGANIZACIÓNS VINCULADAS Á PROBLEMÁTICA

- *Incidirá sobre os catro factores que interveñen na seguridade viaria: infraestrutura, vehículo, usuario e control*
- *O papel de cada unha das consellerías neste plan definirase no marco dunha xornada que se celebrará o vindeiro mes na Coruña*

O Plan Galego de Seguridade Viaria 2006-2010, no que está a traballar a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, en colaboración coa Asociación Española de la Carretera (AEC), terá un carácter marcadamente multidisciplinar. Neste senso, contará coa implicación de toda as consellerías da Xunta de Galicia, así como aqueloutras entidades, institucións e asociacións que teñan competencias ou estean vinculadas dalgún xeito coa seguridade na circulación de vehículos como, por exemplo, as deputacións provinciais, concellos, Garda Civil de Tráfico, Policía Local, e asociacións xuvenís, de pais e de vítimas de accidentes.

Este plan caracterizarase por abordar de xeito integral un amplo conxunto de actuacións que incidan sobre os catro factores que interveñen na seguridade viaria, é dicir, infraestrutura, vehículo, usuario e control.

Así se recolle no informe presentado hoxe ao Consello da Xunta pola titular da CPTOPT, María José Caride, no que se fai un primeiro avance dos problemas detectados en relación coa seguridade viaria e que están a servir de punto de partida para establecer actuacións concretas a desenvolver por cada unha das partes implicadas e que serán recollidas no plan.

Por exemplo, no que atinxe ás iniciativas dirixidas aos usuarios, este traballo preliminar serviu para perfilar unha proposta inicial de actividades de información e concienciación, segundo os sectores de poboación aos que van dirixidas.

Neste senso, no eido de condutores novos, comprobouse a necesidade de inculcar condutas responsables na conducción, que se materializarán a través de campañas informativas, divulgativas e participativas. En canto ao segmento de poboación dos maiores constatouse a necesidade de efectuar campañas de concienciación para que, dadas as limitacións propias da súa idade, extremen as medidas de seguridade tanto na súa faceta de peóns, como de ciclistas ou de condutores.

Ademais de involucrar a sociedade en xeral nas actuacións que se desenvolvan no contexto do Plan de Seguridade Viaria, fomentarase actitudes máis seguras ao volante desde as idades máis temperás a través unha axeitada formación. Así



mesmo, traballárase na eliminación ou redución progresiva dos problemas de seguridade asociados ás infraestruturas e aos seus equipamentos.

Precisamente, a CPTOPT desenvolverá unha xornada de traballo o próximo 26 de xullo, na que se presentarán as directrices do futuro Plan Galego de Seguridade Viaria e definirase a participación das diferentes consellerías de Xunta de Galicia.

Neste encontro tamén se analizarán as experiencias doutras comunidades como Cataluña, País Vasco, Navarra e Andalucía, así como o Plan de Seguridade Viaria da Dirección Xeral de Tráfico.



MÁIS DE 200.000 RAPACES GALEGOS DE ENTRE 6 E 14 ANOS BENEFICIARÁNSE DA GRATUIDADE DOS EMPASTES BUCODENTAIS QUE PORÁ EN MARCHA SANIDADE

- *A medida porase en marcha este ano e ampliarase progresivamente no horizonte da lexislatura*
- *Trátase dunha prestación complementaria á carteira de servizos común do conxunto do Estado*
- *As novas prestacións en saúde bucodental tamén permitirán ás mulleres xestantes beneficiarse de limpeza por ultrason*

O Goberno galego analizou hoxe un informe da titular de Sanidade no que María José Rubio Vidal deu conta da inclusión na carteira de servizos da sanidade pública galega das obturacións da carie sen afectación polpar nas superficies oclusais dos molares permanentes na poboación infantil, os empastes. Esta nova prestación beneficiará no horizonte da lexislatura a un total de 208.989 rapaces e rapazas galegas, con idades comprendidas entre os 6 e os 14 anos. A Consellería de Sanidade destinará un total de 1.120.000 euros a esta medida, que se irá aplicando progresivamente ao longo da lexislatura. Só neste ano, xa se beneficiarán da gratuidade dos empastes bucodentais máis de 108.000 rapaces de ata 10 anos.

As novas prestacións de saúde bucodental inclúen, así mesmo, a limpeza con ultrason nas mulleres xestantes nas que exista indicación médica.

A conselleira de Sanidade outorgoulle unha especial importancia a esta medida xa que supón unha prestación complementaria á carteira de servizos común do conxunto do Estado. Galicia súmase así ao conxunto de comunidades que financian, a través da Seguridade Social, os empastes bucodentais dos nenos. Entre as comunidades nas que está implantada esta medida están Asturias, Canarias, Cantabria, A Rioxa, Madrid e Cataluña (non en toda a comunidade). Polo tanto, Galicia é a sétima Comunidade Autónoma que financia esta iniciativa.

Do mesmo xeito, esta medida a prol da cidadanía fundaméntase porque a carie dental e a enfermidade periodontal son as doenzas bucodentais máis frecuentes, e se non se tratan a tempo producen importantes problemas estéticos e funcionais na idade adulta.

A carie e a enfermidade periodontal son susceptibles de prevención coas medidas dispoñibles na actualidade. Así mesmo, estas enfermidades son máis facilmente tratables nas súas fases iniciais.



O Servizo Galego de Saúde entende que a inclusión das obturacións na carteira de servizos pode mellorar espectacularmente os niveis de saúde bucodental da poboación infantil galega. Segundo as enquisas da Sanidade pública galega, as porcentaxes actuais de dentes libres de carie son do 58 por cento nos nenos menores de 12 anos e do 71 por cento dos menores de seis anos.

A implantación desta medida farase de xeito progresivo, comezando este ano polo grupo de idade de 6 a 10 anos, para o ano que ven acadar ata os 12 anos inclusive e, posteriormente, ata os 14, cubrindo así a totalidade da idade pediátrica con dentición permanente.

Limpeza con ultrasón das mulleres xestantes

Pola súa banda, a inclusión da limpeza con ultrasón nas mulleres xestantes cando exista unha indicación médica xustifícase na importancia de establecer un ambiente oral saudable e un óptimo nivel de hixiene bucal posto que os cambios hormonais que se producen durante a xestación, unido ao cúmulo de placa dental, traen consigo unha resposta inflamatoria esaxerada dos tecidos da enxiva, así como as primeiras manifestacións da enfermidade periodontal.

O inicio da ampliación de prestacións será desde o mes de xullo en todas as unidades de saúde bucodental de Galicia.

Un total de 84 unidades de saúde bucodental

A captación e acceso ao programa establécese a través da consulta diaria dos médicos de familia, pediatras e matronas e persoal de enfermaría, no ámbito da actividade asistencial diaria espontánea ou programa e, en especial, no ámbito das visitas do programa de seguimento tanto do neno san como do embarazo.

O número de centros de saúde con unidades de saúde bucodental xa existentes -84 unidades en 69 localidades-, repartidos por toda a xeografía galega, facilitan que esta asistencia teña unha boa accesibilidade. Están previstos pequenos incrementos na dotación destas unidades para poder cubrir a ampliación das prestacións.

O Servizo Galego de Saúde, que recomenda facer revisións periódicas na poboación infantil, vai desenvolver unha campaña de divulgación do seu programa de saúde bucodental na que se incide nos consellos hixiénicos.

Entre estes consellos propónse unha dieta equilibrada que potencie o consumo de froitas, verduras e lácteos e evitar o exceso de azucre, doces e lambetadas; unha cepilladura coidadosa de todas as superficies dentais despois de cada comida cun cepillo e pasta fluorada e, a continuación, a cepilladura da lingua.



Do mesmo xeito, desaconséllase o tabaco por ser un dos principais factores que predispón a padecer o cancro oral; e visitar regularmente ao odontoestomatólogo, especialmente no caso dos nenos, para evitar calquera patoloxía bucal.

O Servizo Galego de Saúde editou tamén unha guía técnica do seu programa de saúde bucodental en atención primaria que recolle xa as novas prestacións, así como as que actualmente se prestan.



O PACTO POLA SANIDADE NA ÁREA DE VIGO FIXA AS MELLORAS DOS SERVIZOS E PRESTACIÓNS SANITARIAS

A conselleira de Sanidade, María José Rubio Vidal, informou hoxe ao Consello da Xunta do contido do Acordo Básico pola Saúde na Área Sanitaria de Vigo subscrito o pasado luns pola Xunta de Galicia con sindicatos UXT, CC.OO., CIG; coa Confederación de Empresarios de Galicia; a Universidade de Vigo; e con Povisa. Este acordo defínese como un pacto coa cidadanía que fixa as melloras dos servizos e prestacións sanitarias, implementándoas no desenvolvemento social da área viguesa.

O acordo xorde do convencemento de que o diálogo social constitúese nun dos alicerces fundamentais para construír unha sociedade máis desenvolvida, con emprego estable e seguro, e onde o dereito á saúde representa un valor social e individual de carácter superior.

Enmárcase, tamén, nunha aposta conxunta pola cohesión territorial e no decidido desenvolvemento de políticas impulsoras do I+D+i, como base do crecemento da nosa comunidade.

Mediante este acordo determínanse as medidas que garantan a sustentabilidade financeira do sistema sanitario público de Galicia; a capacidade de planificación do sistema sanitario galego, que residirá nos poderes públicos; a superación dos déficits estruturais da asistencia sanitaria pública na área sanitaria de Vigo sobre a base do incremento dos recursos de atención primaria e de acordo de dotación do novo hospital; o desenvolvemento ordenado e planificado dos recursos asistenciais e, ademais, o compromiso polo mantemento do emprego no sector sanitario da comarca de Vigo, tanto no ámbito público como no privado que preste asistencia concertada.

O acordo configura o novo hospital de Vigo como a referencia sanitaria da rexión Sur de Galicia. Un hospital capaz de atraer iniciativas de investigación e desenvolvemento de produtos, técnicas e tecnoloxías sanitarias e xerador de capital produtivo e valor engadido da rexión; e un hospital cunha dotación de equipamentos e recursos técnicos e humanos adecuados para a poboación da área sanitaria de Vigo.

A sinatura deste acordo configura un novo escenario do sector sanitario na área de Vigo caracterizado polo carácter público do sistema sanitario galego e o mantemento do carácter público e privado do sector sanitario galego.

Este acordo sinala que o concerto con Povisa, tamén aprobado hoxe polo Consello da Xunta, garante a actividade de calidade necesaria para manter o emprego actual en todas as especialidades e servizos, na súa configuración como hospital xeral con atención integral. A partir deste acordo, Povisa pasa a ser responsable única do



incremento do cadro de persoal, salvo no caso de que este sexa froito dun acordo coa Consellería de Sanidade para garantir a actividade e a calidade dos servizos concertados.

Así mesmo, o novo escenario caracterízase pola garantía de igualdade no acceso aos servizos sanitarios e da equidade social e territorial, de modo que se garanta á poboación o dereito a ter asignado un hospital público de referencia; e o mantemento do emprego e da actividade do sector sanitario e a garantía dun equilibrio e dunha complementariedade público-privada que se articule a favor da calidade asistencial e do desenvolvemento dos profesionais sanitarios dos diferentes ámbitos.

O acordo constata a necesidade de reducir ao máximo os tempos de tramitación administrativa conducentes á construción do novo hospital universitario de Vigo. Todo iso dirixido a que antes do remate de 2007 poidan ser licitadas as obras de construción deste importante equipamento sanitario da rexión Sur de Galicia.



O NOVO SISTEMA DE COMPRAS INTEGRADAS DO SERVIZO GALEGO POTENCIARÁ A EFICIENCIA, TRANSPARENCIA E PARTICIPACIÓN DOS PROFESIONAIS E COOPERACIÓN ENTRE CENTROS

- ***Mediante este proxecto a Sanidade pública galega fará o 50 por cento das súas compras de xeito integrado xa no ano 2009, co que se considera que se consiga un aforro medio do 10 por cento en cada produto***

O Consello da Xunta estudo hoxe un informe da Consellería de Sanidade para a posta en marcha do Sistema de Compras Integradas do Servizo Galego de Saúde (IntegraCom). O proxecto, que ten por obxectivo final conseguir compras máis eficientes mellorando tanto os prezos de compra dos bens e servizos adquiridos como os custos operativos da contratación na Sanidade pública galega, desenvolve un sistema que responde aos novos valores estratéxicos da sanidade galega: a eficiencia no gasto, a transparencia, a participación dos profesionais e a cooperación entre os centros.

De xeito global, trátase de que un centro do Sergas se encargue da compra dun produto para todo o sistema.

Para isto, desenvólvense esquemas organizativos alternativos; novas competencias para os recursos humanos; sistemas informáticos operacionais; e sistemas de información, capacidades e procesos que fan compatibles os valores obxectivos do novo sistema de compras.

Outra novidade é a súa extensión a todas as áreas de compra do organismo: a farmacia, os produtos sanitarios e non sanitarios e os servizos.

O sistema de compras integradas galegas busca uns resultados a medio e longo prazo e o aproveitamento dos recursos humanos e técnicos, así como das capacidades existentes na actualidade na rede do Servizo Galego de Saúde. Por iso, desbótase a centralización da totalidade de compras, que suporía un aforro a curto prazo, pero a creación dunha nova estrutura.

Mediante este proxecto o Servizo Galego de Saúde fará o 50 por cento das súas compras de xeito integrado xa no ano 2009, co que se considera que se consiga un aforro do 10 por cento nos gastos realizados polo departamento que preside María José Rubio Vidal. O proxecto estrutúrase en plans anuais. O primeiro deles, correspondente a este ano, afectará un total de 27 familias de bes e servizos que sairán a licitación pública corporativa. Estas familias de produtos supoñen un total de 120 millóns de euros de compras afectadas, o 20 por cento do total das compras.



PESCA ELEVA A 1.100 EUROS MENSUAIS AS BOLSAS DE FORMACIÓN DO PERSOAL INVESTIGADOR

- *O Consello da Xunta aprobou un incremento de 3.760 euros para cubrir os gastos derivados da súa inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social e aumentar en 100 euros ao mes a axuda que percibirá cada bolseiro*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o incremento do crédito para a prórroga das bolsas para formación de persoal especialista en temas de investigación mariña, correspondentes ao Programa de Recursos Humanos do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (PGIDIT) para os anos 2006 e 2007 . A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos ampliará así en 3.760 euros o crédito inicialmente aprobado polo Consello do Goberno galego do pasado día 30 de marzo e no que se establecía a cantidade de 26.040 euros para facer fronte á prolongación das bolsas ata febreiro de 2007.

A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, a través da Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro, convocou no ano 2005 a concesión de dúas bolsas de formación de persoal especialista en temas de investigación mariña dun ano de duración, prorrogables por períodos dun ano ata un máximo de catro, para a realización de teses de doutoramento. Con estas bolsas, os investigadores seleccionados recibían unha contía de 1.000 euros mensuais e dispoñen dos seguros de asistencia médica e de accidentes. Na actualidade, por mor da creación do Estatuto do persoal investigador en formación, regulado polo Real decreto 63/2006, do 27 de xaneiro; configúrase un sistema obrigatorio para todos os programas de axudas que leva consigo un cambio na situación laboral dos bolseiros.

Deste xeito, o departamento de Pesca da Xunta de Galicia considerou necesario o aumento do crédito para afrontar os gastos que implica o cumprimento das condicións do Estatuto do persoal investigador en formación. Este establece, entre outras cuestións, que o bolseiro ten dereito, ademais de a percibir a axuda económica que recolle a bolsa, a súa inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social, quedando asimilado a un traballador por conta allea. Así, a cantidade incrementada destinarase a cubrir os gastos derivados das cotas da Seguridade Social e a aumentar en 100 euros mensuais a axuda a cada bolseiro, coa finalidade de equiparar o importe destas bolsas coas de nova adxudicación.



EDUCACIÓN AVOGA POLO RECOÑECIMENTO DAS NOVAS TITULACIÓNS DE FP NOS PROCESOS DE SELECCIÓN DE PERSOAL

- *Laura Sánchez Piñón defendeu a conveniencia de crear grupos de traballo sobre a situación dos titulados de FP de cara á obtención de carnés profesionais*

A conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, Laura Sánchez Piñón, informou ao Consello da Xunta sobre o recoñecemento das titulacións vixentes de formación profesional e o exercicio de profesións reguladas. A máxima responsable da Administración educativa instou ás Consellerías de Medio Rural; Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e Sanidade a que recoñezan varias titulacións profesionais nos procesos selectivos dos seus departamentos.

Deste xeito, Laura Sánchez Piñón demandou que o departamento autonómico de Medio Rural inclúa a titulación de técnico en traballos forestais e de conservación do medio natural no proceso selectivo para cubrir prazas de axentes forestais (grupo D). Ademais, solicitou a este departamento autonómico e á Consellería de Medio Ambiente que teñan en conta a titulación de técnico superior en xestión e organización dos recursos naturais e paisaxísticos nos procesos selectivos para cubrir postos de Axente facultativo ambiental (grupo C).

Con respecto á Consellería de Sanidade, a máxima responsable educativa demandou a inclusión da titulación de técnico superior de dietética nas convocatorias de emprego público do Sergas que realice a Administración sanitaria. Ademais, solicitou o recoñecemento da titulación de técnico superior en Saúde ambiental e que a de técnico superior en Animación de actividades físicas e deportivas se teña en conta á hora de desempeñar postos de socorristas.

Laura Sánchez Piñón demandou a todas as consellerías que substitúan nas súas convocatorias de emprego público as titulacións de técnico auxiliar e técnico especialista, correspondentes aos estudos de formación profesional de primeiro e segundo grao, respectivamente, polos de técnico e técnico superior dos actuais estudos de formación profesional.

Carnés profesionais

A conselleira de Educación informou tamén sobre a conveniencia de crear grupos de traballo para estudar a posición dos titulados en formación profesional de cara á obtención de carnés profesionais. Segundo explicou Laura Sánchez Piñón, hai estudos nos que coa superación de determinados ciclos formativos se podería obter directamente o carné profesional e noutros nos que sería necesario superar algún módulo formativo complementario para a súa obtención.



No caso de ser necesaria unha formación complementaria poderíase impartir nos propios centros educativos, como módulos complementarios e optativos destinados a aqueles alumnos interesados. Ademais, nos mesmos centros poderíase realizar a proba de superación destes módulos e incluso a proba de aptitude para a consecución do carné profesional correspondente.

Segundo apuntou Laura Sánchez Piñón, esta medida facilitaría aos alumnos a obtención do carné profesional propio do seu sector, ampliando así a súa competencia profesional e facilitando a súa incorporación ao mundo laboral.